

## ESQUERDA UNIDA PRESENTA AS BASES DA SÚA PROPOSTA PARA A REFORMA DO ESTATUTO DE AUTONOMÍA PARA GALICIA

Esquerda Unida presentou en roda de prensa as liñas forza que recollerá o Borrador-Proposta de Estatuto para Galicia. A coordinadora xeral, Yolanda Díaz, o Responsable de Institucional, Carlos Anxo Portomeñe e Luis Taboada, Secretario de Organización, anunciaron que no mes de febreiro, cando se constituía a ponencia parlamentaria, EU-IU xa contará co seu Borrador-proposta de Estatuto de Autonomía para Galicia.

Esquerda Unida considera que existen diversas fontes de lexitimación que avalan e fan necesaria a súa participación no proceso de reforma estatutaria. En primeiro lugar, o actual Estatuto tivo como base fundamental a proposta realizada no seu día polo Partido Comunista de Galicia, partido que tivo ademáis un papel moi destacado nas mobilizacións que reivindicaron o “SI” no referendo celebrado para a súa aprobación; un papel que lle costou duras críticas de forzas que naquel entón pedían o voto contrario e hoxe pretenden erixirse en custodios do Estatuto. Por descontado, os principios, os valores e o articulado material recollidos no Estatuto proposto polo PCG forman parte do seu patrimonio histórico e, por engadido, de EU.

EU sempre se caracterizou pola súa capacidade propositiva e programática, aínda que lamentablemente existe unha desproporcionalidade entre esta capacidade e o rédito electoral. Por elo, o feito de carecer de representación no actual Parlamento, ademais de deberse fundamentalmente a un sistema electoral que a propia reforma estatutaria debe correxir, non debe ser causa excluínte da participación de EU-IU no proceso de reforma: sirva de referente a participación na redacción do actual Estatuto de tres partidos que non formaban parte do arco parlamentario naquel momento. Con todo, a existencia dun proxecto propio de Estatuto é a mellor carta de presentación desta forza política.

Izquierda Unida xoga, ademais, un papel activo e decisivo na reforma dos Estatutos das comunidades autónomas que xunto con Galicia se rexen polo artigo 151 da Constitución: Euskadi, Cataluña e Andalucía, estando presentes nos gobernos das dúas primeiras. Esquerda Unida, polo tanto, ten o aval de formar parte dun proxecto político de ámbito estatal e federal que aporta a solidariedade interterritorial como principio básico. Para EU-IU, Galicia ten que asumir o seu papel na construción dun Estado Federal sin privilexios entre as Comunidades Autónomas do Estado.

EU-IU considera que o proceso de reforma do Estatuto debe ser aberto e abarcar amplos e diversos sectores da sociedade sen exclusións. O debate sobre a reforma non pode quedar reducido ó ámbito parlamentario ou político, senón que debe contar cunha ampla participación e implicación social. Por elo, apostamos por un proceso de escoita á sociedade no que sexa un obxectivo prioritario conseguir que a sociedade galega perciba a reforma do Estatuto como un instrumento útil, positivo e necesario. **A reforma supón, para Esquerda Unida, unha oportunidade para revitalizar a democracia e recortar a distancia entre a sociedade, as institucións e os representantes políticos.**

Partindo destas bases, a primeira afirmación política que debemos facer no debate sobre a Reforma do Estatuto, é que non será correcta nin acertada se ó mesmo tempo non se impulsan as necesarias reformas da actual Constitución e se asume a necesidade de camiñar cara a construción dun Estado Federal e solidario cun papel clave en Europa.

O actual proceso de reforma debe servir para sentar as bases que permitan, nun futuro próximo, acadar os niveis e obxectivos que non se lograron materializar co actual Estatuto debido á aplicación de patróns neoliberais carecendo dun proxecto de transformación social. É evidente que todos os indicadores de emprego, de nivel de renda, de desequilibrios comarcais, de nivel de converxencia real, etc., demostran que aínda tendo medrado cuantitativamente, estamos aínda moi lonxe de acadar os niveis e obxectivos desexados.

En definitiva, EU-IU plantexa a reforma do Estatuto de Galicia para acadar máis autogoberno, máis poder galego, pero para máis dereitos sociais e máis democracia. A grandes rasgos, Esquerda Unida propón de cara á reforma do Estatuto:

1. Fortalecer o poder local e favorecer a descentralización política e administrativa. Acentuar o papel das comarcas. O Pacto Local. Desaparición da provincia como división territorial galega e das Deputacións provinciais.
2. Propostas que fagan posible acometer desde Galicia os desafíos da pobreza, desigualdade, inmigración, sostenibilidade medioambiental, Planificación económica..., novas tecnoloxías, reforma dos medios de comunicación públicos, etc., asegurando mecanismos que eviten a patrimonialización gubernamental dos mesmos.
3. Unha reforma ligada ás novas demandas sociais e realidade galega, ampliando os obxectivos básicos e estratéxicos do Estatuto. Enriquecendo o texto e incorporando novos valores, dereitos cidadáns e liberdades fundamentais (Carta de dereitos sociais). Libros de texto gratuitos, renda básica, dereito á vivenda, ás novas tecnoloxías, ampliar os dereitos ós colectivos homosexuais...
4. O fortalecemento dos sinais de identidade do pobo galego: lingua, patrimonio cultural, histórico, etc. Dar impulso a unha maior soberanía territorial e económica no camiño da construción nacional de Galicia e a recuperación do galeguismo.
5. A reforma da política e a renovación das institucións galegas para fortalecer a participación e a democracia, plantexando para elo o referendo consultivo para asuntos de interés xeral. Ampliación dos mecanismos participativos da cidadanía (Iniciativa Lexislativa Popular) e limitación de mandatos do Presidente da Xunta de Galicia a dúas lexislaturas. As Comisións de Investigación deben ser un instrumento de control, sen que poida bloquearse desde a maioría absoluta como se fixo coa creada no Parlamento con motivo da catástrofe do *Prestige*.
6. Dotar de máis soberanía ó Parlamento, establecendo maiorías cualificadas para a designación de responsabilidades que deben contar con consenso amplo: Director RTVG, Presidencia Tribunal Superior de Xustiza, Consello de Contas, Valedor do Pobo, etc.
7. Reforma da Lei Electoral galega. O Parlamento debe reflexar un maior pluralismo político acentuando a proporcionalidade nos procesos electorais. Neste sentido, voltar do 5% ó 3% a barreira legal para acadar representación institucional nos comicios autonómicos, establecer a circunscrición única (o voto dun galego/a debe contar o mesmo en calquera provincia) e exercer un maior control dos gastos electorais.
8. A participación de Galicia nas institucións Europeas cunha maior capacidade de participación nas decisións da UE que lle afecten.
9. Dar entrada no texto á muller, á infancia e ós nosos maiores.
10. Galicia debe articular medidas propias para a elección dos seus representantes no

Senado, plantexando para este fin a circunscrición electoral única, cuestión que valería tamén para a representación europea.

11. Galicia EU-IU defende un sistema de financiación baseado na suficiencia financeira, amultilateratralidade, a solidariedade, a cohesión e a progresividade do sistema impositivo. Toda proposta debería ir acompañada da reforma da LOFCA (Lei Orgánica de Financiación das Comunidades Autónomas). Galicia debe crear a Axencia tributaria galega e un axeitado servizo galego de emprego. Debe impulsar unha Lei de fiscalidade ecolóxica como garantía dunha economía orientada á conservación da natureza.

12. Galicia no marco das súas competencias poderá establecer acordos e convenios de cooperación con outras CC.AA., con Portugal polo seu xeográfico e histórico, e cos países que acollen tradicionalmente ós galegos no exterior, fundamentalmente os latinoamericanos.

13. Extensión da cidadanía a todas as persoas, co recoñecemento de dereitos políticos ós residentes sen distinción de nacionalidade.

14. Unha reforma para unha sociedade de paz.

Desde EU-IU estamos convencidos que serían insuficientes Reformas Estatutarias que non cumplisen catro condicións básicas:

- a) Ampliar o poder de Galicia.
- b) Atender as demandas sociais.
- c) Descentralizar política e administrativamente.
- d) Avanzar na construción do Estado Federal e Solidario.